

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Bases reguladoras de las subvenciones para actividades de promoción y dinamización comercial en el Ayuntamiento de Santiago 2020

BDNS(Identif.):510581

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN COMERCIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2020

1.º. Obxecto.

O obxecto destas bases é regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para realizar actividades de promoción e dinamización comercial no municipio de Santiago de Compostela, correspondentes á anualidade 2020.

2.º. Persoas beneficiarias.

Poderán resultar beneficiarias as asociacións de comerciantes ou entidades representativas de pequenas e medianas empresas comerciais legalmente constituídas, de carácter local, sen fin de lucro e que reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Que o seu ámbito de actuación sexa eminentemente local, referido ao municipio de Santiago de Compostela.
- Que contén cun mínimo de 15 establecementos asociados.
- Que o 60% dos seus establecementos asociados pertencen ao sector comercial. Na aplicación desta porcentaxe non se terán en conta os decimais. Considérase que pertencen ao sector comercial aqueles establecementos encadrados nalgunha das epígrafes empresariais recollidas no anexo IV.
- Ter a súa sede social no municipio de Santiago de Compostela.
- Non estar integradas por empresas comerciais que operen en mercados municipais suxeitos a concesión administrativa.

Os requisitos deben cumprirse no momento da presentación da solicitude.

3.º Actuacións subvencionables.

Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite para xustificar establecida na base 12.º desta convocatoria, as actividades de promoción e dinamización comercial cuxo ámbito de actuación ou repercusión sexa o municipio de Santiago de Compostela, tales como:

- Sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos á clientela cuxa finalidade sexa aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer os seus intereses.
- Actuacións de dinamización e promoción comercial. As actuacións deberán encadrarse dentro dun proxecto de promoción dos establecementos comerciais asociados ou de incentivación do consumo no que se amose a súa participación directa. Son subvencionables as actividades de animación na rúa directamente vinculadas ao proxecto de promoción ou incentivador dun consumo correspondente.
- Campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios así como elaboración de material promocional, que se orienten a potenciar as distintas tempadas ou fitos con relevancia comercial ao longo do ano.
- Implantación ou mantemento de servizos de apoio e asesoramento ao comercio polo miúdo.
- Actuacións encamiñadas á mellora da competitividade comercial.

Son subvencionables, para as actuacións indicadas, os custos de persoal e de administración específicos, sempre e cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa adecuada preparación e execución.

Non son subvencionables:

- Os custos relativos á adquisición de bens de investimento ou inventariables.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Os gastos en axudas de custo ou desprazamentos do persoal.
- As campañas de dinamización, promoción ou calquera tipo de actuación que teña exclusivamente por finalidade o patrocinio, colaboración ou axuda económica a actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen participación directa dos establecementos comerciais asociados.
- Bolsas que non sexan biodegradables e/ou reutilizables.

O proxecto presentado debe identificar as diferentes accións que se van desenvolver, singularizar os seus custos e indicar o importe da subvención que se solicite.

4.º. Contía.

A subvención pode acadar o 75% do orzamento dos gastos subvencionables, co límite de 30.000 € por cada entidade solicitante.

Se a suma das subvencións que corresponderían a quen reúna os requisitos para acceder a elas fose superior ao crédito orzamentario previsto no parágrafo 1.º da base 13.ª, a diferenza restarase de forma proporcional directa dos importes das axudas que se propoñan.

Esta axuda é compatible con outras concedidas para a mesma finalidade, sempre e cando illadamente ou en concorrencia coas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo total das actividades subvencionadas.

5.º. Criterios de valoración.

A avaliación das solicitudes realizarase aplicando os criterios expostos a seguir.

1. Natureza e finalidade da actividade ou proxecto. Ata 12 puntos, asignados de acordo co baremo:

- Por grao de participación do comercio asociado: ata 3 puntos.
 - Outorgaranse 3 puntos cando o comercio sexa o beneficiario directo da acción.
 - Outorgaranse 2 puntos cando o comercio sexa lugar de distribución ou facilitador da acción (por exemplo: entrega dunha rifa para un sorteo pola realización de compra).
 - Outorgarase 1 punto cando sexa un mero punto de información ou comunicación da acción.
- Pola continuidade e duración da actividade ou proxecto: ata 3 puntos
 - Outorgaranse 3 puntos por accións ou servizos permanentes ao longo do ano.
 - Por accións con duración inferior a un ano calcularase a puntuación que corresponda de xeito directamente proporcional. A duración mínima do período da acción será dunha semana (7 días naturais), polo que ás accións de duración inferior asignaráselles 0 puntos.

Para estes efectos, nos cursos de formación non computarán os prazos de adhesión ou participación previos a unha convocatoria.

- Por ir encamiñada á fidelización da clientela: 2 puntos. Enténdese por “fidelización” aquelas accións dirixidas a conseguir unha relación estable e duradeira no tempo coa clientela final. Se é acción de fidelización outorgaranse 2 puntos; 0 puntos no caso contrario. As accións publicitarias de carácter xeral non se considerarán accións de fidelización.
- Carácter innovador: 2 puntos. Entenderase como innovador o proxecto ou actividade que se se articule en torno a unha proposta non realizada nos últimos tres anos no termo municipal.
- Por ser unha actividade ou proxecto aberto á participación ou desfrute da cidadanía, que constituía unha ferramenta de atracción ás zonas comerciais da cidade: 2 puntos se se cumpre a circunstancia; 0 puntos no caso contrario.

2. Incidencia na formación e capacitación do sector comercial: ata 10 puntos consonte o seguinte baremo:

- Outorgaranse 5 puntos se a actividade formativa versa en xeral sobre a mellora da capacitación comercial e a promoción das vendas: atención á clientela, calidade no servizo, mellora da imaxe ou escaparatismo, etc.
- Outorgaranse 5 puntos se a actividade formativa incide na capacitación tecnolóxica e contribúe a reducir a fenda dixital: directorios comerciais, páxinas web, redes sociais, etc.

3. Adopción de medidas de sustentabilidade e de economía circular.

- Que a persoa solicitante teña implantada unha política de eliminación de residuos a través de xestores autorizados: 2 puntos.
- Promoción da implantación de prácticas sustentables e de economía circular tales como contar co distintivo europeo da ecoetiqueta nos produtos comercializados nos establecementos asociados ou que a persoa beneficiaria estableza sistemas de recollida de stock entre os seus asociados para un uso ou saída posterior: 2 puntos

Outorgaranse 0 puntos no caso contrario.

4. Número de establecementos comerciais asociados: ata 4 puntos. Outorgaranse 4 puntos á persoa solicitante con máis establecementos asociados. As restantes puntuacións asignaranse de xeito directamente proporcional.

5. Dirixir especificamente a actividade a colectivos singularizados que poidan considerarse de interese tales como estudantado, turismo, etc. Outorgaranse os 3 puntos se a actividade se dirixe a colectivos singularizados e 0 puntos en caso contrario.

6. Amplitude de impacto comercial nas áreas de influencia do Concello de Santiago de Compostela: ata 4 puntos de acordo co seguinte baremo:

- Imaxe, visibilidade do proxecto fóra da área de actuación: 2 puntos.
- Fomento da rendibilidade para os comercios asociados: 2 puntos.

7. Uso da lingua galega: 1 punto.

6.º. Solicitudes e documentación.

1. A solicitude, segundo o modelo de instancia oficial e asinada pola persoa que represente legalmente a entidade solicitante, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

A solicitude acompañarase da seguinte documentación en copia simple, a excepción dos documentos indicados nos apartados d), g), h) e i) que deberán ser documentos orixinais ou compulsados.

a) Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, código de identificación fiscal e, se é o caso, acreditación de que a entidade está inscrita no rexistro correspondente.

b) Poder cumprido da persoa que represente a entidade solicitante, acompañado do seu documento de identidade.

c) Anexo II. Memoria explicativa das actuacións de promoción e dinamización comercial para as que se solicita a subvención, acompañada dun orzamento detallado de gastos por cada actuación que se pretenda executar. Asemade, deberá constar o importe da subvención solicitada para cada actuación, que non poderá superar o 75% do orzamento de gastos. A memoria deberá conter todos os datos que permitan a súa valoración consonte os criterios recollidos na base 5.ª. Se algún dos aspectos obxecto de valoración non se explicita outorgaranse 0 puntos nese criterio.

Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior a 15.000 €, nos supostos de subministracións ou prestación de servizos, a persoa beneficiaria deberá solicitar cando menos tres ofertas de diferentes provedores antes de adxudicar o contrato, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren ou presten, ou que o gasto se realizase antes de solicitar a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación da axuda, realizarase consonte criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

d) Declaración asinada pola Secretaría, co visto e praxe da Presidencia, de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.

e) Documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE), se é o caso.

f) Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago. Estes certificados só terán que achegarse se a proposta de subvención é igual ou superior a 3.000 €.

g) Declaración responsable do representante da entidade solicitante de que non incorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

h) Anexo I, declaración de documentación presentada, se é o caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, a declaración responsable na que identifique o expediente e manifieste expresamente que non sufriu modificacións.

i) Declaración da Secretaría, co visto e praxe da Presidencia, da listaxe de establecementos asociados e das epígrafes empresariais en que cada un exerce a súa actividade. Esta relación reflectirá unicamente os establecementos asociados que estean ao día no pagamento das súas cotas.

j) Certificado da presidencia sobre a asignación de persoal e custos de administración específicos imputados ás actividades subvencionables, indicando a duración no tempo e a porcentaxe da xornada laboral e os gastos de administración dedicados a cada actividade.

2. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite, enviarase unha copia, xunto co resguardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

3. As persoas interesadas son responsables da veracidade dos documentos que presenten.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. De non o facer, entenderase que desiste do seu pedimento e ditarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común. Este requirimento de emenda tamén se fará nos supostos de imposibilidade material de obter algún dos documentos relacionados na "Declaración de documentación presentada".

7.º. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e contarase desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP. O envío das bases ao BOP terá lugar por conduto da Base de Datos nacionais de subvencións.

8.º. Instrución e resolución do procedemento.

Recibidas as solicitudes, o departamento de Comercio levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio tantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. En concreto, poderá requirir a documentación acreditativa do pago das cotas ou das epígrafes empresariais recollidas na declaración indicada na base 6.ª, punto 1 apartado i) destas bases.

A avaliación das solicitudes, mediante a aplicación dos criterios establecidos na base 5.ª, será realizada por unha comisión avaliadora coa composición seguinte:

Presidente: o alcalde.

Vocais: catro técnicos/as municipais, nomeados/as pola presidencia, pertencentes aos grupos A1 ou A2.

Actuará como secretaria da comisión, con voz pero sen voto, a técnica do departamento de Comercio.

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, o departamento de Comercio formulará a proposta de resolución, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

A Xunta de Goberno Local resolverá de xeito motivado e expresará, cando menos, o orzamento de gastos subvencionable, as actuacións ao que se vincula e a contía da subvención concedida ou, se é o caso, a causa de denegación.

O procedemento resolverase no prazo máxima de dous meses a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP da Coruña. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

9.º. Condicións da concesión.

Resolta a convocatoria, se a contía da subvención concedida é inferior á contía solicitada, o importe que cómpre xustificar determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento (consulte a base n.º 12 desta convocatoria).

10.º. Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución da convocatoria, se no prazo de quince días naturais desde que se notifique a resolución á persoa interesada non comunica expresamente a súa renuncia, entenderase que a acepta e adquire a condición de persoa beneficiaria.

Ante a renuncia da persoa interesada, a Xunta de Goberno Local ditará resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

11.º. Obrigas da persoa beneficiaria.

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade que determine a concesión.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

12.º. Xustificación.

A data límite de xustificación é o 30 de novembro de 2020. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a través das formas previstas para a solicitude a documentación seguinte en copia simple, a excepción dos xustificantes de pagamento de todos os gastos acreditados e do anexo III “Xustificación de subvencións”, que deberán ser orixinais ou compulsados.

a) Memoria explicativa das actuacións de promoción e dinamización comercial realizadas.

No suposto previsto na base 6.1.d) deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia dos orzamentos solicitados, con indicación do seleccionado e xustificación expresa do provedor elixido cando a elección non recaia na oferta económica máis vantaxosa ou cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren ou presten o servizo.

b) Anexo III, “Xustificación de subvencións”, acompañado das facturas ou documentos substitutivos nos casos previstos no Real decreto 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos gastos, en relación nominativa, agrupados por accións realizadas, segundo corresponda. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento.

c) Acéptanse as nóminas do persoal colaborador en que figure claramente o nome e apelidos da persoa receptora, o seu documento de identidade e a cantidade percibida. Neste caso, achegarse o contrato de traballo, documentación acreditativa do pagamento dos importes imputados e unha certificación da beneficiaria que reflecta estes importes e os conceptos aos que se imputan.

A acreditación do pagamento realizarase por algunha das seguintes formas:

1. Preferentemente mediante transferencia bancaria, con copia do resguardo do seu cargo. No concepto da transferencia debe figurar o número da factura ou, cando menos, a descrición do servizo realizado.

2. Cheque: acompañarase unha copia do cheque asinado xunto co extracto bancario do cargo en conta correspondente.

3. Efectivo: admítense unicamente para gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministracións adquiridas en establecementos públicos, como restaurantes, gasolinerías, supermercados, etc.). A súa contía non pode exceder en ningún caso de 600 €. Xustificaranse mediante factura ou recibo asinado polo acredor que indique a data de abono e a expresión recibín ou outra análoga.

Para os efectos de xustificar a subvención, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dá lugar ao importe que cómpre xustificar. A fórmula é a que segue:

Importe para xustificar = subvención concedida / coeficiente de financiamento.

Se se percibiron outras axudas ou ingresos para a mesma finalidade, e xunto coa subvención do Concello, a suma de todas elas é unha cantidade superior ao importe que cómpre xustificar, este último será a suma do que corresponde a todas as axudas e ingresos recibidos.

Admítense desviacións ou compensacións entre actividades sempre e cando se manteña o obxecto e finalidade da subvención. A axuda minorarase proporcionalmente se a xustificación non alcanza o 100% do importe que cómpre xustificar. Enténdese cumprida a finalidade e obxecto da subvención cando se xustifique, cando menos o 70% do importe que cómpre xustificar.

d) Certificación da titularidade de conta bancaria.

e) Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago.

Se a xustificación se presenta a través dun medio distinto do rexistro municipal, enviarase, dentro do prazo, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao enderezo de correo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

A xustificación será obxecto de informe do departamento de Comercio e a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

13.º. Pagamento.

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria está suxeita á existencia de crédito por importe de 60.000,00 € imputable á aplicación orzamentaria 010 43100 48901 do orzamento municipal.

14.º. Recursos.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

15.º. Reintegro.

Procederá revogar a subvención e reintegrar total ou parcialmente as cantidades percibidas con esixencia dos xuros de demora que correspondan nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16.º. Entrada en vigor e vixencia.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

17.º. Normativa aplicable.

En todo o non disposto nestas bases resultará de aplicación a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Esta axuda está suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 € nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

ANEXO I

DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

(Nome) _____, con DNI _____, en nome e representación da empresa _____
_____, con CIF _____ e domicilio para os efectos de notificacións en _____

DECLARA:

Que a documentación enumerada a seguir xa consta en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde que foi presentada (indicar número de expediente e o asunto para que poida ser localizada):

1.

.....

E para que así conste, asino esta declaración en Santiago de Compostela, o ____ de _____ de 2020.

Asdo.: _____

ANEXO II

**MODELO-GUÍA PARA ELABORAR A MEMORIA EXPLICATIVA SUBVENCÍONS A ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN
E DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2020**

A memoria deberá desenvolver, para cada unha das actividades que conforman o proxecto, os seguintes campos.

- Nome da actividade.
- Orzamento de gastos.
- Importe da subvención solicitada (nunca superior ao 75% do orzamento de gastos).
- Descrición da actividade (a información contida neste campo permitirá á comisión valorar a natureza e finalidade da actividade ou proxecto). Con este fin, deberá indicarse:

 Grao de participación do comercio asociado: en que medida participa o comercio no desenvolvemento da actividade.

 Se é o caso, en que medida fideliza a clientela.

 Duración da actividade: indicar duración total da actividade, prestación do servizo, etc.

 Se foi unha acción realizada nos tres anos anteriores.

 Se é o caso, en que medida constitúe unha ferramenta de atracción a zonas comerciais da cidade.

 Colectivos específicos aos que vaia dirixida a actividade, se é pertinente.

 En que medida e por que motivos a actividade incide na formación e capacitación do sector comercial, se é o caso. Indique as materias formativas impartidas.

 Se corresponde, as medidas de sustentabilidade e economía circular adoptadas.

 Por que motivos a actividade produce un impacto comercial nas áreas de influencia do Concello de Santiago, en termos de imaxe ou visibilidade do proxecto e de rendibilidade para os comercios asociados.

 Se é o caso, emprego da lingua galega na execución da actividade.

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS

(Nome) representante legal de:

Entidade beneficiaria

CIF/NIF

CERTIFICO:

1.º.-Que o programa para o que se concedeu a subvención e que a seguir se detalla foi realizado na súa totalidade.

Actividade ou programa:

Convocatoria:

Datas de realización:

Orzamento de gastos:

Contía da subvención concedida:

2.º.-Que os gastos xerados na actividade subvencionada son os seguintes:

N.º	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
-----	----------	---------	----------------

IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

Que se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

3.º.-Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
---------------------	---------

TOTAL

4.º.-Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

TOTAL=

5.º.-Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a _____

6.º.-Da liquidación de ingresos e gastos derívase que a respecto do programa ou actividade realizada se cumpre o disposto no artigo 31.1 da Lei xeral de subvencións: que o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o total dos gastos devindicados e que todas as achegas foron destinadas á actividade subvencionada.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de ____

Sinatura

ANEXO IV

EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES

- 474.1. Impresión de textos e imaxes por calquera procedemento ou sistema.
- 615.6. Galerías de arte.
- 619.5. Comercio por xunto de papelería e escritorio, artigos de debuxo e belas artes.
641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.
644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
- 647.4. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 400 metros cadrados.
651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
- 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.
657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaaría, prataría e bixutaría.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.
- 661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.
- 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.
- 691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar.

691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P

755 Servizos a outras axencias de viaxes.

832.1. Axencias e corretaxe de seguros.

833. Promoción de terreos.

933. Outras actividades de ensinanza.

971. Lavanderías, tinturerías e servizos similares.

972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.

973.1. Servizos fotográficos.

975. Servizos de enmarcación.

Santiago de Compostela

5/6/2020

Xosé A. Sánchez Bugallo

Bases reguladoras das subvencións de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago 2020

BDNS(Identif.):510581

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN COMERCIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 2020

1.º. Obxecto.

O obxecto destas bases é regular a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para realizar actividades de promoción e dinamización comercial no municipio de Santiago de Compostela, correspondentes á anualidade 2020.

2.º. Persoas beneficiarias.

Poderán resultar beneficiarias as asociacións de comerciantes ou entidades representativas de pequenas e medianas empresas comerciais legalmente constituídas, de carácter local, sen fin de lucro e que reúnan ademais os seguintes requisitos:

- Que o seu ámbito de actuación sexa eminentemente local, referido ao municipio de Santiago de Compostela.
- Que contén cun mínimo de 15 establecementos asociados.
- Que o 60% dos seus establecementos asociados pertencen ao sector comercial. Na aplicación desta porcentaxe non se terán en conta os decimais. Considérase que pertencen ao sector comercial aqueles establecementos encadrados nalgunha das epígrafes empresariais recollidas no anexo IV.
- Ter a súa sede social no municipio de Santiago de Compostela.
- Non estar integradas por empresas comerciais que operen en mercados municipais suxeitos a concesión administrativa.

Os requisitos deben cumprirse no momento da presentación da solicitude.

3.º. Actuacións subvencionables.

Considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e a data límite para xustificar establecida na base 12.º desta convocatoria, as actividades de promoción e dinamización comercial cuxo ámbito de actuación ou repercusión sexa o municipio de Santiago de Compostela, tales como:

- Sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos á clientela cuxa finalidade sexa aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer os seus intereses.
- Actuacións de dinamización e promoción comercial. As actuacións deberán encadrarse dentro dun proxecto de promoción dos establecementos comerciais asociados ou de incentivación do consumo no que se amose a súa participación directa. Son subvencionables as actividades de animación na rúa directamente vinculadas ao proxecto de promoción ou incentivador dun consumo correspondente.
- Campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios así como elaboración de material promocional, que se orienten a potenciar as distintas tempadas ou fitos con relevancia comercial ao longo do ano.
- Implantación ou mantemento de servizos de apoio e asesoramento ao comercio polo miúdo.
- Actuacións encamiñadas á mellora da competitividade comercial.

Son subvencionables, para as actuacións indicadas, os custos de persoal e de administración específicos, sempre e cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a súa adecuada preparación e execución.

Non son subvencionables:

- Os custos relativos á adquisición de bens de investimento ou inventariables.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Os gastos en axudas de custo ou desprazamentos do persoal.
- As campañas de dinamización, promoción ou calquera tipo de actuación que teña exclusivamente por finalidade o patrocinio, colaboración ou axuda económica a actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen participación directa dos establecementos comerciais asociados.
- Bolsas que non sexan biodegradables e/ou reutilizables.

O proxecto presentado debe identificar as diferentes accións que se van desenvolver, singularizar os seus custos e indicar o importe da subvención que se solicite.

4.º. Contía.

A subvención pode acadar o 75% do orzamento dos gastos subvencionables, co límite de 30.000 € por cada entidade solicitante.

Se a suma das subvencións que corresponderían a quen reúna os requisitos para acceder a elas fose superior ao crédito orzamentario previsto no parágrafo 1.º da base 13.ª, a diferenza restarase de forma proporcional directa dos importes das axudas que se propoñan.

Esta axuda é compatible con outras concedidas para a mesma finalidade, sempre e cando illadamente ou en concorrencia coas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, non supere o custo total das actividades subvencionadas.

5.º. Criterios de valoración.

A avaliación das solicitudes realizarase aplicando os criterios expostos a seguir.

1. Natureza e finalidade da actividade ou proxecto. Ata 12 puntos, asignados de acordo co baremo:

- Por grao de participación do comercio asociado: ata 3 puntos.
 - Outorgaranse 3 puntos cando o comercio sexa o beneficiario directo da acción.
 - Outorgaranse 2 puntos cando o comercio sexa lugar de distribución ou facilitador da acción (por exemplo: entrega dunha rifa para un sorteo pola realización de compra).
 - Outorgarase 1 punto cando sexa un mero punto de información ou comunicación da acción.
- Pola continuidade e duración da actividade ou proxecto: ata 3 puntos
 - Outorgaranse 3 puntos por accións ou servizos permanentes ao longo do ano.
 - Por accións con duración inferior a un ano calcularase a puntuación que corresponda de xeito directamente proporcional. A duración mínima do período da acción será dunha semana (7 días naturais), polo que ás accións de duración inferior asignaráselles 0 puntos.

Para estes efectos, nos cursos de formación non computarán os prazos de adhesión ou participación previos a unha convocatoria.

- Por ir encamiñada á fidelización da clientela: 2 puntos. Enténdese por “fidelización” aquelas accións dirixidas a conseguir unha relación estable e duradeira no tempo coa clientela final. Se é acción de fidelización outórganse 2 puntos; 0 puntos no caso contrario. As accións publicitarias de carácter xeral non se considerarán accións de fidelización.
- Carácter innovador: 2 puntos. Entenderase como innovador o proxecto ou actividade que se se articule en torno a unha proposta non realizada nos últimos tres anos no termo municipal.
- Por ser unha actividade ou proxecto aberto á participación ou desfrute da cidadanía, que constitúa unha ferramenta de atracción ás zonas comerciais da cidade: 2 puntos se se cumpre a circunstancia; 0 puntos no caso contrario.

2. Incidencia na formación e capacitación do sector comercial: ata 10 puntos consonte o seguinte baremo:

- Outórganse 5 puntos se a actividade formativa versa en xeral sobre a mellora da capacitación comercial e a promoción das vendas: atención á clientela, calidade no servizo, mellora da imaxe ou escaparatismo, etc.
- Outórganse 5 puntos se a actividade formativa incide na capacitación tecnolóxica e contribúe a reducir a fenda dixital: directorios comerciais, páxinas web, redes sociais, etc.

3. Adopción de medidas de sustentabilidade e de economía circular.

- Que a persoa solicitante teña implantada unha política de eliminación de residuos a través de xestores autorizados: 2 puntos.
- Promoción da implantación de prácticas sustentables e de economía circular tales como contar co distintivo europeo da ecoetiqueta nos produtos comercializados nos establecementos asociados ou que a persoa beneficiaria estableza sistemas de recollida de stock entre os seus asociados para un uso ou saída posterior: 2 puntos

Outórganse 0 puntos no caso contrario.

4. Número de establecementos comerciais asociados: ata 4 puntos. Outórganse 4 puntos á persoa solicitante con máis establecementos asociados. As restantes puntuacións asignaranse de xeito directamente proporcional.

5. Dirixir especificamente a actividade a colectivos singularizados que poidan considerarse de interese tales como estudantado, turismo, etc. Outórganse os 3 puntos se a actividade se dirixe a colectivos singularizados e 0 puntos en caso contrario.

6. Amplitude de impacto comercial nas áreas de influencia do Concello de Santiago de Compostela: ata 4 puntos de acordo co seguinte baremo:

- Imaxe, visibilidade do proxecto fóra da área de actuación: 2 puntos.
- Fomento da rendibilidade para os comercios asociados: 2 puntos.

7. Uso da lingua galega: 1 punto.

6.º. Solicitudes e documentación.

1. A solicitude, segundo o modelo de instancia oficial e asinada pola persoa que represente legalmente a entidade solicitante, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa do Presidente Salvador Allende, 4), ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, que estean habilitados.

A solicitude acompañarase da seguinte documentación en copia simple, a excepción dos documentos indicados nos apartados d), g), h) e i) que deberán ser documentos orixinais ou compulsados.

a) Acta, estatutos de constitución e modificacións posteriores, código de identificación fiscal e, se é o caso, acreditación de que a entidade está inscrita no rexistro correspondente.

b) Poder cumprido da persoa que represente a entidade solicitante, acompañado do seu documento de identidade.

c) Anexo II. Memoria explicativa das actuacións de promoción e dinamización comercial para as que se solicita a subvención, acompañada dun orzamento detallado de gastos por cada actuación que se pretenda executar. Asemade, deberá constar o importe da subvención solicitada para cada actuación, que non poderá superar o 75% do orzamento de gastos. A memoria deberá conter todos os datos que permitan a súa valoración consonte os criterios recollidos na base 5.^a. Se algún dos aspectos obxecto de valoración non se explicita outórganse 0 puntos nese criterio.

Cando o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior a 15.000 €, nos supostos de subministracións ou prestación de servizos, a persoa beneficiaria deberá solicitar cando menos tres ofertas de diferentes provedores antes de

adxudicar o contrato, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que os subministren ou presten, ou que o gasto se realizase antes de solicitar a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación da axuda, realizarase consonte criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

d) Declaración asinada pola Secretaría, co visto e prace da Presidencia, de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin por calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.

e) Documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE), se é o caso.

f) Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago. Estes certificados só terán que achegarse se a proposta de subvención é igual ou superior a 3.000 €.

g) Declaración responsable do representante da entidade solicitante de que non incorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria sinaladas nos apartados 2.º e 3.º do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

h) Anexo I, declaración de documentación presentada, se é o caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, a declaración responsable na que identifique o expediente e manifieste expresamente que non sufriu modificacións.

i) Declaración da Secretaría, co visto e prace da Presidencia, da listaxe de establecementos asociados e das epígrafes empresariais en que cada un exerce a súa actividade. Esta relación reflectirá unicamente os establecementos asociados que estean ao día no pagamento das súas cotas.

j) Certificado da presidencia sobre a asignación de persoal e custos de administración específicos imputados ás actividades subvencionables, indicando a duración no tempo e a porcentaxe da xornada laboral e os gastos de administración dedicados a cada actividade.

2. Se a solicitude se presenta a través dun medio distinto do Rexistro Xeral do Concello de Santiago, dentro do mesmo prazo límite, enviarase unha copia, xunto co resguardo, selo de entrada ou acreditación de que foi presentada que corresponda, ao enderezo de correo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

3. As persoas interesadas son responsables da veracidade dos documentos que presenten.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. De non o facer, entenderase que desiste do seu pedimento e ditarase unha resolución neste sentido nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común. Este requirimento de emenda tamén se fará nos supostos de imposibilidade material de obter algún dos documentos relacionados na "Declaración de documentación presentada".

7.º. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e contarase desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP. O envío das bases ao BOP terá lugar por conduto da Base de Datos nacionais de subvencións.

8.º. Instrución e resolución do procedemento.

Recibidas as solicitudes, o departamento de Comercio levará a cabo a instrución do procedemento e realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. En concreto, poderá requirir a documentación acreditativa do pago das cotas ou das epígrafes empresariais recollidas na declaración indicada na base 6.ª, punto 1 apartado i) destas bases.

A avaliación das solicitudes, mediante a aplicación dos criterios establecidos na base 5.ª, será realizada por unha comisión avaliadora coa composición seguinte:

Presidente: o alcalde.

Vocais: catro técnicos/as municipais, nomeados/as pola presidencia, pertencentes aos grupos A1 ou A2.

Actuará como secretaria da comisión, con voz pero sen voto, a técnica do departamento de Comercio.

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, o departamento de Comercio formulará a proposta de resolución, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

A Xunta de Goberno Local resolverá de xeito motivado e expresará, cando menos, o orzamento de gastos subvencionable, as actuacións ao que se vincula e a contía da subvención concedida ou, se é o caso, a causa de denegación.

O procedemento resolverase no prazo máxima de dous meses a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP da Coruña. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución expresa, a solicitude entenderase rexeitada por silencio administrativo.

9.º. Condicións da concesión.

Resolta a convocatoria, se a contía da subvención concedida é inferior á contía solicitada, o importe que cómpre xustificar determinarase dividindo a contía da subvención concedida polo coeficiente de financiamento (consulte a base n.º 12 desta convocatoria).

10.º. Aceptación e renuncia.

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución da convocatoria, se no prazo de quince días naturais desde que se notifique a resolución á persoa interesada non comunica expresamente a súa renuncia, entenderase que a acepta e adquire a condición de persoa beneficiaria.

Ante a renuncia da persoa interesada, a Xunta de Goberno Local ditará resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

11.º. Obrigas da persoa beneficiaria.

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade que determine a concesión.
- Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos legalmente establecidos.

12.º. Xustificación.

A data límite de xustificación é o 30 de novembro de 2020. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a través das formas previstas para a solicitude a documentación seguinte en copia simple, a excepción dos xustificantes de pagamento de todos os gastos acreditados e do anexo III “Xustificación de subvencións”, que deberán ser orixinais ou compulsados.

a) Memoria explicativa das actuacións de promoción e dinamización comercial realizadas.

No suposto previsto na base 6.1.d) deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia dos orzamentos solicitados, con indicación do seleccionado e xustificación expresa do provedor elixido cando a elección non recaia na oferta económica máis vantaxosa ou cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que subministren ou presten o servizo.

b) Anexo III, “Xustificación de subvencións”, acompañado das facturas ou documentos substitutivos nos casos previstos no Real decreto 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos gastos, en relación nominativa, agrupados por accións realizadas, segundo corresponda. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento.

c) Acéptanse as nóminas do persoal colaborador en que figure claramente o nome e apelidos da persoa receptora, o seu documento de identidade e a cantidade percibida. Neste caso, achegarase o contrato de traballo, documentación acreditativa do pagamento dos importes imputados e unha certificación da beneficiaria que reflicta estes importes e os conceptos aos que se imputan.

A acreditación do pagamento realizarase por algunha das seguintes formas:

1. Preferentemente mediante transferencia bancaria, con copia do resgardo do seu cargo. No concepto da transferencia debe figurar o número da factura ou, cando menos, a descrición do servizo realizado.

2. Cheque: acompañarase unha copia do cheque asinado xunto co extracto bancario do cargo en conta correspondente.

3. Efectivo: admítense unicamente para gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministracións adquiridas en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineras, supermercados, etc.). A súa contía non pode exceder en ningún caso de 600 €. Xustificaranse mediante factura ou recibo asinado polo acredor que indique a data de abono e a expresión recibín ou outra análoga.

Para os efectos de xustificar a subvención, defínese o coeficiente de financiamento como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dá lugar ao importe que cómpre xustificar. A fórmula é a que segue:

Importe para xustificar = subvención concedida / coeficiente de financiamento

Se se percibiron outras axudas ou ingresos para a mesma finalidade, e xunto coa subvención do Concello, a suma de todas elas é unha cantidade superior ao importe que cómpre xustificar, este último será a suma do que corresponde a todas as axudas e ingresos recibidos.

Admítense desviacións ou compensacións entre actividades sempre e cando se manteña o obxecto e finalidade da subvención. A axuda minorarase proporcionalmente se a xustificación non alcanza o 100% do importe que cómpre xustificar. Enténdese cumprida a finalidade e obxecto da subvención cando se xustifique, cando menos o 70% do importe que cómpre xustificar.

d) Certificación da titularidade de conta bancaria.

e) Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago.

Se a xustificación se presenta a través dun medio distinto do rexistro municipal, enviarase, dentro do prazo, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao enderezo de correo electrónico comercio@santiagodecompostela.gal.

A xustificación será obxecto de informe do departamento de Comercio e a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

13.º. Pagamento.

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria está suxeita á existencia de crédito por importe de 60.000,00 € imputable á aplicación orzamentaria 010 43100 48901 do orzamento municipal.

14.º. Recursos.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

15.º. Reintegro.

Procederá revogar a subvención e reintegrar total ou parcialmente as cantidades percibidas con esixencia dos xuros de demora que correspondan nos casos e nos termos previstos no título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

16.º. Entrada en vigor e vixencia.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

17.º. Normativa aplicable.

En todo o non disposto nestas bases resultará de aplicación a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Esta axuda está suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 € nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE n.º L379/5, do 28 de decembro).

ANEXO I

DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

(Nome) _____, con DNI _____, en nome e representación da empresa _____, con CIF _____ e domicilio para os efectos de notificacións en _____

DECLARA:

Que a documentación enumerada a seguir xa consta en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde que foi presentada (indicar número de expediente e o asunto para que poida ser localizada):

1.

.....

E para que así conste, asino esta declaración en Santiago de Compostela, o ____ de _____ de 2020.

Asdo.: _____

ANEXO II**MODELO-GUÍA PARA ELABORAR A MEMORIA EXPLICATIVA SUBVENCÍONS A ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN
E DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2020**

A memoria deberá desenvolver, para cada unha das actividades que conforman o proxecto, os seguintes campos.

- Nome da actividade
- Orzamento de gastos
- Importe da subvención solicitada (nunca superior ao 75% do orzamento de gastos).
- Descrición da actividade (a información contida neste campo permitirá á comisión valorar a natureza e finalidade da actividade ou proxecto). Con este fin, deberá indicarse:

 Grao de participación do comercio asociado: en que medida participa o comercio no desenvolvemento da actividade.

 Se é o caso, en que medida fideliza a clientela.

 Duración da actividade: indicar duración total da actividade, prestación do servizo, etc.

 Se foi unha acción realizada nos tres anos anteriores.

 Se é o caso, en que medida constitúe unha ferramenta de atracción a zonas comerciais da cidade.

 Colectivos específicos aos que vaia dirixida a actividade, se é pertinente.

 En que medida e por que motivos a actividade incide na formación e capacitación do sector comercial, se é o caso. Indique as materias formativas impartidas.

 Se corresponde, as medidas de sustentabilidade e economía circular adoptadas.

 Por que motivos a actividade produce un impacto comercial nas áreas de influencia do Concello de Santiago, en termos de imaxe ou visibilidade do proxecto e de rendibilidade para os comercios asociados.

 Se é o caso, emprego da lingua galega na execución da actividade.

ANEXO III

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS

(Nome) representante legal de:

Entidade beneficiaria

CIF/NIF

CERTIFICO:

1.º.-Que o programa para o que se concedeu a subvención e que a seguir se detalla foi realizado na súa totalidade.

Actividade ou programa:

Convocatoria:

Datas de realización:

Orzamento de gastos:

Contía da subvención concedida:

2.º.-Que os gastos xerados na actividade subvencionada son os seguintes:

N.º	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
-----	----------	---------	----------------

IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

Que se achegan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estes gastos, así como a xustificación do seu pagamento.

3.º.-Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL	

4.º.-Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	

5.º.-Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a _____

6.º.-Da liquidación de ingresos e gastos derívase que a respecto do programa ou actividade realizada se cumpre o disposto no artigo 31.1 da Lei xeral de subvencións: que o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o total dos gastos devindicados e que todas as achegas foron destinadas á actividade subvencionada.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de ____
Sinatura

ANEXO IV

EPÍGRAFES DO IAE SUBVENCIONABLES

- 474.1. Impresión de textos e imaxes por calquera procedemento ou sistema.
- 615.6. Galerías de arte.
- 619.5. Comercio por xunto de papelería e escritorio, artigos de debuxo e belas artes.
641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.
643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca, da acuicultura e caracois.
644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.
645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas as clases.
- 647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
- 647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
- 647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en superservizos, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas estea comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
- 647.4. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 400 metros cadrados.
651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.
- 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
- 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.
- 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.
653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.
- 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.
- 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria, salvo aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e utensilios ordinarios de uso doméstico.
657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.
- 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.
- 659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
- 659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.
- 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaaría, prataría e bixutaría.
- 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e toucado, armas, cartuxaría e artigos de pirotecnia.
- 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.
- 659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse na epígrafe 653.9.
- 661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección unha variedade relativamente ampla e pouco profunda de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.
- 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar.
691.9. Reparación doutros bens de consumo N.C.O.P
755 Servizos a outras axencias de viaxes.
832.1. Axencias e corretaxe de seguros.
833. Promoción de terreos.
933. Outras actividades de ensinanza.
971. Lavanderías, tinturerías e servizos similares.
972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.
973.1. Servizos fotográficos.
975. Servizos de enmarcación.

Santiago de Compostela

5/6/2020

Xosé A. Sánchez Bugallo

2020/3695